

**MEIRA****Anuncio**

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 6 de agosto de 2020 acordou a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

O referido acordo, a ordenanza e o resto do expediente están a disposición dos interesados na Secretaría municipal e a exposición pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no Taboleiro de Anuncios deste Concello para exame e reclamacións. De non producirse reclamacións durante a exposición pública o acordo provisional entenderase elevado a definitivo e aprobada a ordenanza.

Meira 6 de agosto de 2020.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1799

**Anuncio**

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 6 de agosto de 2020 acordou a aprobación da ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

A citada ordenanza, o referido acordo e o resto do expediente exponse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no Taboleiro de Anuncios para a presentación de reclamacións e suxerencias, dándose audiencia aos interesados no citado prazo.

As reclamacións deberán de presentarse no Concello nas formas legalmente establecidas e irán dirixidas ao Sr. Alcalde, e serán resoltas no seu caso polo Pleno. De non producirse reclamacións o acordo provisional entenderase elevado a definitivo e a ordenanza considerárase definitivamente aprobada.

Meira, 6 de agosto de 2020.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1800

**O PÁRAMO****Anuncio****CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

De conformidade co disposto na Resolución da Alcaldía de 11 de agosto de 2020, faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal, 1 xefe de brigada, para prevención e defensa contra incendios forestais, para a tempada 2020, no marco da Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello do Páramo, mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR Galicia 2014-2020:

- Un (1) xefe de brigada

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Páramo en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax ao concello (982539156) ou ao correo electrónico [cruz.oparamo@eidolocal.es](mailto:cruz.oparamo@eidolocal.es), comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria.

Procedemento de selección: valoración de méritos, segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

O Páramo, 11 de agosto de 2020.- O alcalde, José Luis López López.

R. 1834